



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA

CÓDIGO	
MATERIA	DRAMATURXIA
DISCIPLINA	DRAMATURXIA II
TITULACIÓN	Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Textual / Xestual
CURSO	3º
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección escénica e dramaturxia
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Afonso Becerra
DOCENTES	<p>Nome e apelidos: Afonso Becerra</p> <p>Horario titorías:</p> <p>Despacho:</p> <p>Contacto: afonsobecerra@edu.xunta.gal</p>
DESCRIPCIÓN	Principios xerais de dramaturxia. Análise das diversas formas de espectáculo (incluíndo o espectáculo audiovisual). Coñecemento e análise das estruturas e xéneros dramáticos e audiovisuais. Principios de análise e creación de personaxes.
COÑECEMENTOS PREVIOS	DRAMATURXIA I
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	<p>Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/>X Portugués <input type="checkbox"/>X</p> <p>O grupo de Textual adscíbese á sección bilingüe en portugués.</p> <p>O grupo de Xestual adscíbese á sección bilingüe en inglés.</p>

2. COMPETENCIAS

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T4	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.



T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X7	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
E11	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
E16	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Definir e aclarar que é dramaturxia e cales son os seus ámbitos específicos en relación ao traballo actoral.	T2. T4. T7. T13 X7. X8. E15. E16.
2. Deslindar, definir e empregar a terminoloxía fundamental dramatólóxica en relación ao campo da dramaturxia actoral.	T2. T4. T13. X3. X8. E13. E15.
3. Analizar as relacións entre dramaturxia, traballo actoral, espectáculo e recepción. As convencións espectaculares e a actuación.	T1. T4. X3. X7. E13. E15. E16.
4. Coñecer os parámetros fundamentais que configuran o diverso paradigma posdramático e as dramaturxias colaborativas posdramáticas, así como os desafíos no ámbito da actriz e do actor.	T2. T4. X3. X8. E13. E15. E16
5. Iniciarse no adestramento e o dominio dos modos básicos de análise e composición dramatólóxica do personaxe, persoa escénica, performer, actante, executante...	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. E12. E13. E15. E16.
6. Iniciarse nos procedementos e mecanismos rítmicos que lle dan sentido e coherencia a unha partitura de accións.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. E12. E13. E15. E16.
7. Iniciarse na composición de partituras de accións escénicas de diversa índole, dentro do amplo espectro das teatralidades posdramáticas e comprobar a súa rendibilidade teatral.	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. E12. E13. E15. E16.
8. Concibir e estruturar, de xeito coherente e fundamentado, calquera exercicio de análise e/ou composición.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. E13. E15. E16.



4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Introducción ao concepto e ás modalidades posdramáticas.	1. As orixes. 2. Teatro e performance. 3. Teatro-danza. 4. Teatro visual.	1 h. 1 h. 1 h. 1 h.
2. Parámetros de composición posdramática.	1. Abolición da síntese. 2. Afirmación da realidade e da materialidade. 3. Parataxe e non xerarquía. 4. Simultaneidade. 5. Plétora. 6. Musicalidade e plasticidade.	1 h. 1 h. 1 h. 1 h. 1 h. 1 h.
3. Dramaturxia de proceso / dramaturxia de concepto	1. Condicións. 2. Consecuencias.	1 h. 1 h.
4. Dramaturxia actoral.	4.1. A autonomía actoral nos procesos de creación e posta en escena. 4.2. Elementos de composición actoral. Acción e identidade (personaxe).	1 h. 1 h.
5. Aproximacións ao personaxe, persona escénica, performer, actante, actor, rol...	5.1. Definición. 5.2. Funcións. 5.3. Nivel de complexidade na composición. 5.4. A identidade e a crise do personaxe.	1 h. 1 h. 1 h. 1 h.
6. Concepcións plásticas e obxectuais do personaxe.	6.1. Definición. 6.2. Funcións. 6.3. Tipoloxías, xéneros e estilos. Exemplos.	1 h. 1 h. 1 h.
7. Dramaturxia actoral e expresión verbal na composición do personaxe.	7.1. Elementos físicos e sonoros da voz na caracterización. 7.2. Dicción. 7.3. Discurso dos personaxes. Rexistros de lingua. Funcións da linguaxe. Modos de intercambio verbal (Actos de fala. Monólogo, soliloquio, diálogo, conversa). Figuras.	1 h. 1 h. 1 h.
8. Dramaturxia actoral e análise e composición non verbal do personaxe.	8.1. <i>Performance / mimese / dinamis</i> . Actuar / interpretar. 8.2. Xestualidade. 8.3. Mímica. 8.4. Proxémica. 8.5. Procedementos teatrais de realización xestual.	1 h. 1 h. 1 h. 1 h. 1 h.
9. Dramaturxia actoral e caracterización externa	9.1. Caracterización e indumentaria. Aspecto externo. 9.2. Funcións da indumentaria na dramaturxia.	1 h. 1 h.
10. O ritmo nas dramaturxias posdramáticas.	10.1. Definición. 10.2. Función. 10.3. Mecanismos básicos. Análise e composición.	1 h. 1 h. 1 h.
11. A construción da recepción nas dramaturxias posdramáticas.	11.1. A relación prevista espectáculo – espectador/a. 11.2. A partitura de efectos. 11.3. O control das expectativas.	1 h. 1 h. 1 h.
12. Composición e realización de dramaturxias posdramáticas. Elaboración de partituras de acción. Creación de mecanismos de coherencia.	12.1. Creación de mecanismos de coherencia nunha partitura de accións de diversa índole. Documentación, referentes, fontes, etc. 12.2. Realización dunha dramaturxia posdramática. Improvisación e composición da partitura. 12.3. Codificación axeitada dunha dramaturxia posdramática.	1 h. 6 h. 4 h.
TOTAL SESIÓNS		16 de 3 h. (Total 48 h.)

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE



Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias			
Exposición maxistral	4	5	9
Exposición práctico-teórica	15	10	25
Práctica individual	15	30	45
Práctica colectiva	10	20	30
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais	8		8
Tutorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4	5	9
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	%		
PORCENTAXE	%		

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Descrición	Descrición
Exposición teórica e exemplificación con documentos audiovisuais dos conceptos básicos.	(Temas 1 a 3) O concepto posdramáticos e algunhas das súas características teóricas básicas. A dramaturxia de proceso, fronte á dramaturxia de concepto. As dramaturxias colaborativas.
Exercicios de análise dramática de espectáculos e dedución das súas constantes paradigmáticas e estruturais.	(Temas 1 a 3) A <i>pièce paysage</i> , as dramaturxias performativas, de teatro visual e de obxectos, de teatro-danza e teatro non textual, etc. Exemplos e análise práctica.
Exercicio de análise de modelos de composición dramática e traballo actoral en espectáculos diversos.	(Temas 4 ao 9) Sistematizar un procedemento de análise no que se poidan describir todos os elementos e procedementos que concorren nun determinado xeito de facer e entender o teatro. A partir de documentos audiovisuais de espectáculos que responden a diferentes tendencias, xéneros e estilos. Concluir cal é o tratamento da acción e o sentido que implica.
Exposición e exercicios sobre os elementos compositivos e as accións que xeran tensión rítmica nunha dramaturxia.	(Tema 10) Analizar que elementos e mecanismos producen ritmo nunha dramaturxia e nun espectáculo. Análise de obras breves e aplicación a súa escenificación e a súa execución actoral.
Exercicio introductorio á adaptación dramática de materiais textuais e a súa posta en escena segundo modelos e paradigmas compositivos determinados, con especial énfase na creación actoral.	(Tema 11 e 12) Aplicar os conceptos e ideas expostas no tema 4, nun traballo de grupo, para adaptar textos creando dramaturxias que respondan a eses modelos e paradigmas estudados e facer a súa presentación escénica.



A análise dramaturxica do proceso de produción e recepción das convencións teatrais actorais e os códigos espectaculares.	(Tema 11) Análise da natureza dos pactos convencionais e dos códigos espectaculares que conforman a linguaxe escénica e que determinan as composicións dramáticas. Estudo dos diferentes efectos que unha dramaturxia e o traballo actoral poden producir ou provocar na recepción. Codificar unha hipotética partitura de efectos asociada a unha dramaturxia.
Exercicio, individual e colectivo, de creación e composición de partituras de accións escénicas de diversa índole dentro do amplo espectro das teatralidades posdramáticas.	(Temas 11 e 12) Realización escénica e dramaturxica dun espectáculo de pequeno formato pertencente ao amplo espectro das teatralidades performativas posdramáticas. Codificación axeitada e coherente da dramaturxia máis a súa realización escénica que demostre a súa viabilidade e eficacia. Achegar unha partitura dos efectos previstos na recepción. Achegar os documentos que xustifiquen os referentes empregados así como as decisións tomadas.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial</i> : O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica</i> : O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Seguimento diario	T1. T2. T3. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	10%
Exercicios de análise e reflexión. Documentación e xustificación.	T1. T2. T3. T4. T7. T13. X3. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	35%
Exercicios de creación e composición. Dramaturxia da peza.	T1. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI3. EI5. EI6.	35%
Mostra escénica da peza final.	T1. T2. T3. T4. T7. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	20%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	



Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Descrición	descrición	
Exame. Exercicios globais de análise e composición que implican os mesmos procedementos que os exercicios realizados durante o curso.	T1. T2. T3. T8. T13. X3. X5. X7. X8. EI2. EI3. EI5. EI6.	100%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

Becerra de Becerreá, Afonso (2007): *Dramaturxia. Teoría e practica*, Vigo, Galaxia.
 Becerra Arrojo, Afonso; Batlle, Carles, dir. *O Ritmo na dramaturxia : teoría e práctica*. [Barcelona]: Universitat Autònoma de Barcelona, 2016. 1 recurs electrònic (473 p.). ISBN 9788449061974. Tesi doctoral - Universitat Autònoma de Barcelona. Departament de Filologia Catalana, 2016: <https://ddd.uab.cat/record/165718>
 Becerra de Becerreá, Afonso (2018): *Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática*, Santiago de Compostela, Através Editora.

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Barba, Eugenio e Savarese, Nicola (2012): *El arte secreto del actor. Diccionario de antropología teatral*, Bilbao, Artezblai.
 Carlson, Marvin (2005): *Performance. Unha introdución crítica*, Vigo, Galaxia.
 Lehmann, Hans-Thies (2013): *Teatro posdramático*, Murcia, CENDEAC.
 Melendres, Jaume (2000): *La dirección de los actores. Diccionario mínimo*, Madrid, ADE.
 Pavis, Patrice (1998): *Diccionario del teatro. Dramaturgia, estética, semiología*, Barcelona, Paidós.
 Ryngaard, Jean-Pierre et Sermon, Julie (2006): *Le personnage théâtral contemporain: décomposition, recomposition*, Paris, Éditions Théâtrales.
 Sánchez, José A. (1999): *Dramaturgias de la imagen*, Cuenca, Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Xa que **as linguas nas que se desenvolverán maioritariamente todas as actividades da materia serán a lingua galega e a lingua portuguesa** para o grupo do **itinerario de TEXTUAL**, e **en lingua galega e lingua inglesa** para o grupo do **itinerario de XESTUAL**, o alumnado con dificultades nas mesmas deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir de cara ao axeitado aproveitamento do curso.

Esta disciplina está incluída na sección bilingüe en lingua portuguesa da ESADg, autorizada pola Orde do 24 de agosto de 2023, e **na sección bilingüe en lingua inglesa da ESADG**, autorizada pola Orde do 29 de agosto de 2017, da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades. Ao final do curso académico, o alumnado que obteña cualificación positiva nesta disciplina recibirá unha credencial oficial expedida polo centro conforme participou nunha sección bilingüe, que deberá quedar reflectida no seu expediente académico.

